



Expediente núm.: 2260/2022

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Reserva 2022 - 2023

Categoría: Operario de servizos varios

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. Tramitouse o correspondente expediente para a Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, para a cobertura dun/ha (1) posto de traballo na categoría profesional de “Operario de servizos varios”, cando as necesidades do servizo así o requiran, segundo establece o artigo 10 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023.
2. Con data 23.02.2022 o Tribunal cualificador estende acta definitiva que eleva ao órgano competente coa proposta de contratación para a categoría referida.
3. Con data 24.02.2022, esta Alcaldía dita Resolución aprobando as listas definitivas de aspirantes propostos polo Tribunal cualificador na dita categoría, que superaron as probas selectivas do proceso de Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023, de acordo coa orde de puntuación obtida no proceso selectivo, para os efectos da súa contratación laboral temporal, cando as necesidades do Concello así o requiran.
4. Con data 18.10.2022 dítese Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0822 cuxo asunto é “Selección de persoal laboral temporal e creación de Bolsa de reserva para os anos 2022 - 2023. Actualización da quenda de reserva”, na categoría profesional de “Operario de servizos varios”.
5. Con data 18.10.2022, o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o expediente que se tramita para dar cobertura, con carácter temporal, dun (1) posto de traballo na categoría de “Operario de servizos varios”, ao abeiro da Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de reserva para os anos 2022 – 2023.
6. A Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0822 de data 18.10.2022, establece o que copiado literalmente di:

“Primeiro.- Actualizar a quenda de reserva para os efectos oportunos, establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023 na categoría profesional de “Operario de servizos varios” (artigo 15):

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO O LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
								Test	Suposto práctico		
1	Rodríguez Suárez Santiago	6	Si	-	3,06	1,00	0,50	5,40	6,00	-	15,96
2	Penedo Pérez Ramón Enrique	1	Si	-	5,00	0,50	0,50	4,80	5,00	-	15,80
3	De Alonso Gómez Elicio	17	Si	-	5,00	0,80	1,00	3,00	5,60	-	15,40
4	Rodríguez Alvar Eduardo	19	si	-	5,00	1,90	1,00	3,60	3,80	-	15,30
5	Fomoso Iglesias Natalia	13	Si	-	4,23	1,80	1,00	3,60	4,60	-	15,23
6	Bermúdez González Alejandro	10	Si	-	5,00	2,00	0,50	3,60	4,10	-	15,20
7	Parada Mojón Jonathan	36	Si	-	3,00	1,30	1,00	5,40	4,00	-	14,70
8	Padrón Gómez Pablo	14	Si	-	5,00	1,30	0,50	3,00	3,80	-	13,60
9	Pereira Fernández Raquel	21	Si	-	5,00	0,10	0,50	4,20	3,40	-	13,20





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

10	Borrajó Rodríguez Julio	74	Sí	-	3,50	2,00	0,50	3,00	3,70	-	12,70
11	Batán Dopazo Javier	75	Non	-	4,08	0,20	0,00	4,20	3,70	APTO	12,18
12	Gómez Martínez Javier	46	Non	-	2,78	0,50	0,00	4,20	4,60	APTO	12,08
13	Abad Blanco Teófilo	37	Non	-	2,17	2,00	0,00	3,00	4,60	APTO	11,77
14	Dopazo Fernández Jesús	86	Non	-	5,00	0,10	0,00	3,00	3,10	APTO	11,20
15	Dibuja Barroso David	06	Sí	-	0,71	0,50	0,50	3,60	5,70	-	11,01
16	Vázquez Pérez José	77	Non	-	2,30	0,40	0,00	3,60	4,70	APTO	11,00
17	Taboada Gavilanes Noé	59	Sí	-	0,20	0,50	0,50	3,60	4,70	-	9,50
18	Fernández Márquez Máximo	95	Sí	-	0,81	0,50	0,50	3,60	3,70	-	9,11
19	Guede del Huerto José Antonio	53	Sí	-	0,00	0,00	0,50	4,20	4,30	-	9,00
20	Pérez Blanco Baltasara	99	Sí	-	0,05	1,00	1,00	3,60	3,10	-	8,75
21	Delgado Nieto Juan	71	Sí	-	0,69	0,50	0,50	3,00	3,50	-	8,19

Así mesmo, informaráselle do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”

Visto a tramitación do expediente e o Informe emitido polo Departamento de Persoal nos que se pon de manifesto a necesidade e urxencia de cubrir un/ha (1) posto de traballo na categoría profesional de “Operario de servizos varios”, mediante o chamamento de aspirantes ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no Concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e artigos concordantes da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local

RESOLVO

Primeiro.- Proceder á contratación do/a seguinte aspirante para o posto de traballo de “Operario de servizos varios” e que figura na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2022 - 0822 de data 18.10.2022 por orde de puntuación:

- Santiago Rodríguez Suárez, con DNI núm. 564

Segundo.- Contratar ó/á antedito/a aspirante con data de inicio do contrato o 20 de outubro de 2022, indicando que a dita contratación temporal ten por obxecto prestar os servizos relacionados coas competencias mínimas establecidas no artigo 26 da LBRL.

Terceiro.- Formalizar o contrato de traballo na modalidade de contrato de duración determinada por circunstancias da produción, grupo V, en réxime de dedicación a tempo completo, segundo o artigo 15 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e o artigo 2 do Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Cuarto.- Expór que a duración do contrato por circunstancias da produción non poderá ser superior a seis meses, e extinguirase, previa denuncia de calquera das partes, pola expiración do tempo convidado e non poderá ser prorrogable.

O artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, establece que o convenio colectivo sectorial de aplicación á relación laboral, pode ampliar dita duración máxima, sen que en ningún caso o/os contrato/s poida/n superar o ano de duración nun período de dezaioito meses.





Quinto.- Ter en conta que o artigo 14.2 das Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022-2023 na categoría profesional de “Operario de servizos varios”, dispón literalmente o seguinte:

“2. A persoa que entrase a traballar, unha vez finalizado o seu contrato, se este acada os 9 meses de duración (nun período de 12 meses) pasará a ocupar o último lugar da lista correspondente.

Se o contrato ou sucesivos contratos non acadasen os 9 meses de duración (nun período de 12 meses) reincorporarase á bolsa de reserva da súa especialidade na posición que tivese no listado.”

Sexto.- O custo salarial dun/ha (1) “Operario de servizos varios”, con contrato por circunstancias da produción, afectaría á aplicación orzamentaria 1532.131.22 da área / departamento: (15) Pavimentación vías públicas, nas contías mensuais seguintes (parte proporcional das pagas extras incluída na retribución mensual):

CATEGORÍA	Operario de servizos varios
Nº traballadores/as	1
Aplicación orzamentaria	1532.131.22
Tipo de contrato de traballo	Contrato de duración determinada por circunstancias da produción
Xornada	100,00%
CNAE - Ocupación	8411 - D
Retribucións brutas /mes (incl. p.p.p.e.)	1.348,85 €
S.S. empresa / mes	509,87 €
CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR/A	1.858,72 €

Os anteditos custes salariais consideran o incremento retributivo do 2,00 % sobre as retribucións do ano 2021, aprobado pola Lei 22/2021, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2022 (BOE núm. 312 do mércores 29 de decembro de 2021).

Sétimo.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación.

Oitavo.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Noveno.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de reserva no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2022 – 2023 (artigo 15):





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	APELIDOS E NOME	DNI	EXENTO GALEGO	DISCAPACIDADE	EXPERIENCIA PROFESIONAL	FORMACIÓN	COÑECEMENTO LINGUA GALEGA	PROBA DE COÑECEMENTOS		PROBA LINGUA GALEGA	TOTAL PUNTOS
								Test	Suposto práctico		
1	Penedo Pérez Ramón Enrique	7196	Si	-	5,00	0,50	0,50	4,80	5,00	-	15,80
2	De Alonso Gómez Elidio	6710	Si	-	5,00	0,80	1,00	3,00	5,60	-	15,40
3	Rodríguez Alvar Eduardo	2974	si	-	5,00	1,90	1,00	3,60	3,80	-	15,30
4	Fomoso Iglesias Natalia	9326	Si	-	4,23	1,80	1,00	3,60	4,60	-	15,23
5	Bermúdez González Alejandro	9080	Si	-	5,00	2,00	0,50	3,60	4,10	-	15,20
6	Parada Mojón Jonathan	9815	Si	-	3,00	1,30	1,00	5,40	4,00	-	14,70
7	Padrón Gómez Pablo	4887	Si	-	5,00	1,30	0,50	3,00	3,80	-	13,60
8	Pereira Fernández Raquel	2776	Si	-	5,00	0,10	0,50	4,20	3,40	-	13,20
9	Borrajo Rodríguez Julio	6744	Si	-	3,50	2,00	0,50	3,00	3,70	-	12,70
10	Batán Dopazo Javier	4055	Non	-	4,08	0,20	0,00	4,20	3,70	APTO	12,18
11	Gómez Martínez Javier	16467	Non	-	2,78	0,50	0,00	4,20	4,60	APTO	12,08
12	Abad Blanco Teófilo	15377	Non	-	2,17	2,00	0,00	3,00	4,60	APTO	11,77
13	Dopazo Fernández Jesús	12860	Non	-	5,00	0,10	0,00	3,00	3,10	APTO	11,20
14	Dibuja Barroso David	16060	Si	-	0,71	0,50	0,50	3,60	5,70	-	11,01
15	Vázquez Pérez José	15777	Non	-	2,30	0,40	0,00	3,60	4,70	APTO	11,00
16	Taboada Cavilanes Noé	35590	Si	-	0,20	0,50	0,50	3,60	4,70	-	9,50
17	Fernández Márquez Máximo	15990	Si	-	0,81	0,50	0,50	3,60	3,70	-	9,11
18	Guede del Huerto José Antonio	18511	Si	-	0,00	0,00	0,50	4,20	4,30	-	9,00
19	Pérez Blanco Baltasara	9936	Si	-	0,05	1,00	1,00	3,60	3,10	-	8,75
20	Delgado Neto Juan	4700	Si	-	0,69	0,50	0,50	3,00	3,50	-	8,19

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

Décimo.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Décimo primeiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo segundo.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
José Antonio Cerdeira Pérez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988259385. Fax: 988259395

RESOLUCIONS DE ALCALDIA
Número: 2022-0827 Data: 19/10/2022



Cod. Validación: 6N66E799FE2K63AAQDC2CCZSE | Corrección: https://concellopereiro.sedelectronica.gal/ | Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4